

Expediente núm.: 876/2024

Procedemento: Contratacións

Asunto: Renovación do alumado deportivo do campo de fútbol de Outes e outro.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Concello de Outes iniciou o procedemento de contratación mediante procedemento aberto simplificado sumario para a "Renovación do alumado deportivo do campo de fútbol de Outes e outro", cuxo valor estimado do contrato ascendía a 60.326,42 € sen IVE.

Tras a avaliación das ofertas recibidas, a empresa Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L. obtivo a maior puntuación, sendo proposta como adxudicataria provisional. Con data 14 de agosto de 2024, esta Alcaldía ditou resolución adxudicando o contrato a Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L. por un importe de 38.013,21 € IVE incluído, e, coa mesma data, remítese a documentación necesaria para proceder á formalización do contrato.

Con data 3 de setembro de 2024, a empresa Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L., a través do seu representante legal, presentou un escrito de renuncia ó contrato, sinalando que, a pesar de ter recibido a notificación da proposta de adxudicación e de ter xustificando os prezos e solucións da súa oferta inicial, posteriormente atopouse con dificultades técnicas e económicas que non lles permiten executar o contrato nas condicións ofertadas.

En particular, a solución técnica proposta pola empresa, baseada na opción "Venalsol DALI" para a regulación e comunicación inalámbrica do alumado, foi revisada polos responsables do proxecto, quen presentaron alternativas que implicaban un incremento de custos non asumible coa oferta económica inicialmente presentada.

Ante esta situación, a empresa decidiu que non podía facer fronte ao sobrecusto derivado destas modificacións, xa que superaba o límite económico establecido na súa oferta, e comunicou a súa decisión de renunciar ao contrato adxudicado. Solicitaron, ademais, que a retirada fose aceptada sen imposición de penalidades e coa devolución da garantía depositada, alegando boa fe e coa intención de evitar prexuízos tanto á propia empresa como á administración.

Visto canto antecede, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

RESOLVO



PRIMEIRO. Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, mediante resolución 2023-0334 do 19 de xullo, motivada pola urxencia e interese económica na tramitación do expediente.

SEGUNDO. Aceptar a renuncia presentada pola empresa Instalaciones Eléctricas Coruñas, S.L., sen imposición de penalidades e coa devolución da garantía depositada.

TERCEIRO. Requirir ao seguinte licitador clasificado, Montaxes Eléctricas Noroeste, S.L., para que no prazo de 7 días hábiles presente a documentación necesaria para a adxudicación o contrato, conforme ao disposto na cláusula 16ª dos pregos que rexen esta licitación.

CUARTO. Notificar a presente resolución a Instalaciones Eléctricas Coruñas, S.L., a Montaxes Eléctricas Noroeste, S.L., así como ao resto de licitadores, e ordenar a súa publicación no perfil do contratante.

QUINTO. Ordenar a Tesouraría a devolución da garantía definitiva a Instalaciones Eléctricas Coruñas, S.L.

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde

A Secretaria da Corporación

Asd. Manuel González López

Asd. Clara Ortega Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

